



XIV CONCURSO DE TAPAS ARTEIXO

venres a domingo do
12-21 DE XULLO

300€ ENTRE O
PÚBLICO

PREMIOS EN
VALES DE COMPRA

BOTELLAS
DE VIÑO

VALE TRIMESTRAL
EN BEONE ARTEIXO

Forma parte dos locais participantes!
Inscripción até o 12 de xuño



Distribucións
COTILO

be
one

CONCELLO DE
ARTEIXO

Deputación
DA CORUÑA

XUNTA
DE GALICIA



Información

Teléfonos: 608 549 011

cca@ccaarteixo.com

Conta bancaria para pago da taxa:

LA CAIXA: ES38 2100 5097 26 0200066423

CONCEPTO: cota concurso tapas + nome establecemento hostaleiro

1. ANTECEDENTES E OBXECTIVOS.

O CCA de Arteixo celebrará a **XIV Edición do Concurso de Tapas por Arteixo, nos días 12, 13, 14 e 19, 20 e 21 de xullo de 2019**, co obxecto de reforzar a dinamización comercial e hostaleira de Arteixo.

DE TAPAS POR ARTEIXO é un evento consolidado como unha exitosa acción de promoción da hostalaría, dentro da programación anual do Centro Comercial Aberto de Arteixo.

Os OBXECTIVOS PRINCIPAIS deste evento son:

- **PROMOCIONAR ARTEIXO**, nun evento con grandes masas de público de Arteixo e de fóra, para dar a coñecer a nosa riqueza e variedade gastronómica, e a **oferta hostaleira, comercial, turística e cultural**.
- **IMPULSAR AO SECTOR DA HOSTALARÍA**, fomentando a participación dos consumidores para reforzar o uso de bares e restaurantes como un lugar social e de encontro.
- **DINAMIZAR A ECONOMÍA do sector hostaleiro** en particular e do sector **comercial** en xeral, a través de un evento que:
 - PROMOVE O GASTO xa que deriva grande cantidade de clientes e consumidores tanto de Arteixo coma de outras localidades ás nosas rúas, animándoos a visitar os seus locais habituais e a coñecer outros novos, mentres participan no Concurso.
 - Facilita aos hostaleiros unha inmejorable oportunidade para CAPTAR NOVOS CLIENTES, ademais de FIDELIZAR aos habituais.
 - Provoca o tránsito de consumidores duns locais a outros, propiciando así o mellor COÑECEMENTO DAS RÚAS DO POBO E DA OFERTA COMERCIAL existente nas mesmas.
- Aumentar no sector hostaleiro a necesidade e a posibilidade de **MELLORAR EN CALIDADE E PROFESIONALIZACIÓN**, e de **xerar emprego e riqueza**.

2. ENTIDADE ORGANIZADORA

ARTEIXO CENTRO COMERCIAL ABERTO é a Entidade Organizadora do Concurso “De Tapas por Arteixo”, e para a correcta execución deste evento nomea a varios asociados como comisión de traballo, e recoñéceos como representantes, encargados e autorizados para a xestión, coordinación, mantemento, inspección, arbitraxe e mellora constante do Concurso. Este documento de maneira íntegra, constitúe as Bases do Concurso e o Evento.

3. PARTICIPANTES



Poden participar no Concurso todos os **establecementos hostaleiros** (persoas físicas ou xurídicas, en cumprimento de toda a normativa vixente do sector) **da zona urbana de Arteixo, asociadas a Arteixo CCA ou non**, que se inscriban dentro do prazo e cumpran cos compromisos establecidos nas presentes bases de participación.

Arteixo CCA reserva o dereito de interpretación das presentes bases así como de rexeitar aquelas inscricións que ao seu criterio non se axusten á finalidade e/ou estándar de calidade do concurso, ao contido das presentes bases ou que poidan interferir no normal desenvolvemento do evento.

4. DATAS E HORARIOS

A XIII edición do concurso DE TAPAS POR ARTEIXO realizarase durante 2 semanas, de venres a domingo, en horario de mediodía e noite, e concretamente, os días:

VENRES 12, SÁBADO 13, DOMINGO 14, de xullo de 2019 e VENRES 19, SÁBADO 20, DOMINGO 21, de xullo de 2019,

En horario: **De 13.00h a 16.00h e De 20.00h a 23.00h**

A apertura do local e dispoñibilidade/ofrecemento da tapa concursante son OBRIGATORIOS NA TOTALIDADE DOS DÍAS E HORARIOS establecidos para o concurso -o que non impide poder vender a tapa en calquera momento do día-, con independencia dos días e horarios de apertura habituais de cada establecemento, podendo ampliarse a criterio de cada concursante, pero en ningún caso podendo reducirse. O incumprimento desta norma co peche algún dos días ou horarios do concurso, será obxecto de descualificación, e non admisión na seguinte edición.

5. PRAZO e LUGAR DE INSCRICIÓN

Os establecementos interesados deberán presentar a súa inscrición antes do 12 de xuño, **enviando por mail a cca@ccaarteixo.com, ou ben por Whatsapp ao 608 549 011 o nome completo da persoa encargada, nome do local, e teléfono de contacto, así coma o xustificante de pago da cota.**

Entre os días 12 e 14 de xuño deberán comunicar os ingredientes base que utilizarán na tapa. Tendo un prazo para modificacións ata o 16 de xuño.

Entre os días 17 e 19 de xuño deberán facer chegar a fotografía da tapa elixida, así coma tamén un nome e descrición para a mesma.

IMPORTANTE: A fotografía da tapa debe ser orixinal e de alta calidade (mínimo 5 mega-píxeles) para o seu uso en cartelería polo cal no poderá ser enviada por whatsapp. Debe enviarse exclusivamente por correo electrónico.

6. NORMAS DO CONCURSO “DE TAPAS POR ARTEIXO”

- **TAXAS DE INSCRICIÓN:** Os **socios de Arteixo CCA** aboarán o importe de **50,00 €** en concepto de cota de inscrición (e deberán estar ao día no pago das cotas ordinarias de socio). Os **NON-SOCIOS** poderán darse de alta como socios e pagar a taxa de inscrición, polo que aboarán **200€ e serán socios do CCA** até decembro de 2019. Ou aboar o importe de **250,00 €** en concepto de taxa de inscrición e non darse de alta no CCA. Conta bancaria para pago da taxa:

LA CAIXA: ES38 2100 5097 26 0200066423



CONCEPTO: cota concurso tapas + nome establecemento hostaleiro

- **CONCURSO:** Cada participante PRESENTARÁ UNHA TAPA DE COCIÑA ORIXINAL E DE CALIDADE cun ingrediente base, presentación concreta e un nome descritivo da tapa, coa que concursará para o premio á mellor tapa por votación popular dos consumidores, comprometéndose a non cambiala durante a duración do evento e tratando de prever as existencias necesarias para que no se esgoten ata a clausura do mesmo.
- O **PREZO** de Venta ao Público **DA TAPA** Concurstante será de **2,00 €**. En consecuencia, o custe de produción da tapa non poderá ser superior a ese importe.
- **PUBLICIDADE:** É obriga de cada concursante, colocar en lugar visible no local, o cartel informativo do concurso co nome e fotografía da tapa concursante. Así mesmo, deberá expoñer a urna de votacións e facilitar os roteiros - papeletas de votación e información sobre o concurso aos clientes. O cartel, urna, roteiros e cupóns de votación **DEBERÁN SER RECOLLIDOS POLO LOCAL CONCURSANTE NA OFICINA DO CCA o MÉRCORES 10 de xullo, de 10 a 14 HORAS** (ou no lugar designado pola organización). A urna e material sobrante deberá ser devolto polo local concursante á oficina do CCA (ou lugar designado pola organización) o luns 13, de 10 a 14 horas.
- **CALIDADE DE PRODUCTO E SERVIZO:** É obriga de cada hostaleiro concursante, contribuír á excelente imaxe do sector hostaleiro e comercial de Arteixo, poñendo para elo o seu máximo esforzo e desempeño en ofrecer aos clientes durante o concurso unha axeitada calidade no produto de cociña ofertado, e nas condicións de orde e limpeza do seu establecemento. Así mesmo é responsabilidade e obriga do concursante, a calidade no servizo prestado por todos os traballadores do local en canto á axilidade e corrección no trato aos clientes durante o concurso “De Tapas por Arteixo”. A reclamación/queixa formal por parte de clientes durante o evento, a través dos organismos de consumo oficiais, podería ter como resultado a efectos deste concurso, a descualificación nesta edición e a imposibilidade de participar na seguinte.
- O participante comprométese a manter ABERTO o seu establecemento e DISPOÑER DA TAPA concursante durante a TOTALIDADE DOS DÍAS E HORARIOS FIXADOS PARA O CONCURSO.
- O non cumprimento destas bases dará lugar á descualificación no presente concurso (sen ter dereito a reembolso algún da taxa de inscrición), e á exclusión como participante na seguinte edición.

7. MECÁNICA DO CONCURSO “DE TAPAS POR ARTEIXO”



- Os clientes poderán pedir tantas tapas concursantes como desexen ao prezo de 2,00 € cada tapa, acompañadas ou non por outras consumicións ao prezo fixado e exposto polo establecemento hostaleiro no seu listado oficial.
- O establecemento está obrigado a selar o cupón de votación a cada cliente que deguste a tapa concursante, ou ben, ofrecer un cupón e selo se non teñen xa. Non serán válidos os cupóns con firmas en lugar de selo do establecemento.
- Cando completen os selos do cupón de votación, os clientes poderán escribir o seu voto/opinión como XURADO POPULAR de cal é a MELLOR TAPA, baixo os criterios de calidade, sabor, elaboración e presentación, e cal é o local que ofrece o MELLOR SERVIZO valorando as instalacións e limpeza do local, así como o servizo e atención de sala dos camareiros/as. A continuación os clientes poden depositar o seu voto en calquera das urnas dos locais participantes.
- Cada local concursante comprométese a servir de maneira preferente (coa mínima espera) e **SEN CARGO ata 3 tapas acompañadas dunha bebida**, aos membros do xurado profesional que poderán visitar o local en calquera día e horario do concurso. Dito xurado estará claramente identificado e acreditado polo CCA.
- Unha vez rematado o Concurso, **CADA LOCAL PARTICIPANTE DEBERÁ DEVOLVER A URNA para o cómputo de votos o luns de 10 a 14 horas, xunto coas papeletas de votos sobrantes**. Comunicarase cal é a tapa/establecemento máis votado e por tanto gañador, e o representante de este establecemento extraerá por sorteo 1 papeleta de votación entre a totalidade das recollidas, que será o membro do público/xurado popular que tamén resultará premiado pola súa participación.

8. PREMIOS

- Habará 3 premios:
 - **MELLOR TAPA – PREMIO XURADO POPULAR** para a tapa máis votada polos consumidores
 - **MELLOR TAPA – PREMIO XURADO PROFESIONAL** para a tapa mellor valorada por un xurado profesional designado pola organización.
 - **MELLOR SERVIZO** para o local e camareiros mellor valorados polos clientes e o xurado profesional como o que dá mellor imaxe, calidade, servizo e atención en sala durante o concurso.
- O/s establecemento/s gañador/es serán premiados cun **diploma acreditativo** e cota gratis para participar no seguinte concurso de Tapas.
- **SORTEO DE PREMIOS PARA o XURADO POPULAR**: Unha vez rematado o concurso, realizarase un sorteo entre todas as papeletas de votación, para agradecer así ao público a súa participación como xurado popular do concurso. Estes premios consistirán en sorteos de **vales de compra** válidos ata o 30 de setembro e para os establecementos asociados a Arteixo CCA, **dous premios por importe de 150 € cada un**.
- Só se computarán como voto e entrarán no sorteo, aquelas papeletas que teñan 4 selos, emitan un voto claro por unha das 4 tapas seladas nesa papeleta, e estean debidamente cumprimentadas cos datos persoais do consumidor/xurado.
- O resultado da votación do xurado e o agraciado no sorteo serán comunicados aos gañadores por teléfono a semana posterior á clausura do concurso, e farase pública a data e lugar da entrega de premios que se realizarán antes do 25 de xullo.